



Análise comparativa do benestar en explotacións de vacún leiteiro en Galicia

O benestar animal favorece o rendemento nas granxas de vacún? Neste artigo dámoslle resposta a esta pregunta, que foi a base do estudo que levamos a cabo co fin de valorar o seu impacto na produción láctea nas ganderías galegas.

A. Bugueiro¹, F.J. Diéguez¹, E. Yus², R. Fouz³

¹Departamento de Ciencias Clínicas Veterinarias e Anatomía e Producción Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela

²Área de Sanidade Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela

³Africor Lugo

Tendo en conta que os consumidores están cada vez máis preocupados por como se producen os alimentos que consomen, tanto en materia de seguridade ali-

mentaria como en benestar animal, ademais de que as novas normativas que se empezan a aplicar neste ámbito son cada vez máis estritas, cómpre concienciar os gandeiros de

como o benestar animal debe influír na forma de producir leite e de como o que en principio pode ser visto como unha obriga máis, pode redundar nun incremento da rendibilidade das explotacións.

DESENVOLVEMENTO DO ESTUDO

A área do estudo escollida foi Galicia, por ser a comunidade autónoma con maior número de ganderías lácteas en España, que representa preto do 55 % das explotacións totais e onde o sector lácteo é protagonista entre as industrias agroalimentarias; así mesmo, en Galicia localízase o 40 % do leite producido en España, o que representa case o 2 % da produción láctea total da Unión Europea.

O presente estudo levouse a cabo en 31 explotacións seleccionadas aleatoriamente nas provincias da Coruña e Lugo, onde as explotacións lácteas son máis numerosas, que na súa totalidade criaban a raza Holstein-Frisona e eran de estabulación libre. A media de número de cabezas por granxa foi de 61 vacas en lactación. As medidas que se tomaron nos animais foron as indicadas no Protocolo Welfare Quality® (táboa 1):

- Ausencia de fame prolongada: valorouse pola condición corporal.
- Confort no descanso: para valorar se os animais descansaban adecuadamente, tivéronse en conta os seguintes parámetros:
 1. O tempo necesario para tombarse
 2. O golpeo dos animais con materiais do cubículo ao tombarse
 3. O número de animais tombados total ou parcialmente fóra da área de descanso
 4. A limpeza de ubres, flancos e patas
- Liberdade de movementos: valorada polo tipo de explotación, xa sexa estabulación libre ou trabada, e por se teñen acceso a pasto ou non.
- Ausencia de lesións: valorando a gravidade das coxeiras e alteracións na pel (calvas) e o tegumento.
- Ausencia de enfermidade: os síntomas que se deben valorar son os que poden indicar unha patoloxía, como son tose e secreción nasal, secreción ocular, dificultade respiratoria, diarreas, secreción vulvar, reconto de células somáticas en leite individual, mortalidade, distocias e vacas tiradas.
- Ausencia de dor en procesos de manexo: valorado no desmochado/descornado e corte de colas.
- Manifestación de comportamentos sociais anormais ou agonísticos como son os desprazamentos forzados, os cabezazos, as pexas e/ou as persecucións.
- Manifestación doutros comportamentos naturais: valorada ao realizar pastoreo, entendendo que é esencial para o comportamento natural do animal.
- Manexo adecuado: indicador diso coñecido como “distancia de fuxida”, que sería a medida que marca a relación entre as persoas e as vacas.
- Avaliación do comportamento cualitativo: na que se entende que os animais poden mostrar emocións que poden ser medidas mediante un método práctico e fiable. ▶▶



É moi común nas ganderías ver vacas que se toman fóra das camas

LECHES MATERNIZADAS

LA REFERENCIA EN LA RECRÍA DE NOVILLAS.



Tel: +34 629 64 02 61
www.serval.fr/es


serval
Bienestar y rendimientos

Táboa 1. Principios, criterios e medidas que describe o Protocolo Welfare Quality® para vacún de leite

Principio	Criterio	Medidas en granxa
Boa alimentación	Ausencia de fame prolongada	Condición corporal
	Ausencia de sede prolongada	Subministración de auga, limpeza de bebedoiros, fluxo de auga, funcionamento dos bebedoiros
Ambiente adecuado	Confort no descanso	Tempo necesario para o descanso, golpeo dos animais co equipamento ao tombarse, animais tombados total ou parcialmente fóra da área de descanso, limpeza de ubres, flancos e patas
	Confort térmico	Non se desenvolveron aínda para vacún leiteiro
		Presenza de inmovilización, acceso a zonas de descanso exteriores ou a pastos
Boa saúde	Ausencia de lesións	Coxeiras, alteracións na pel (calvas)
	Ausencia de enfermidade	Tose, secreción nasal, secreción ocular, dificultade respiratoria, diarreas, secreción vulvar, RCS en leite, mortalidade, distocias, vacas tiradas
Comportamento adecuado	Manifestación de comportamentos sociais normais	Comportamentos agresivos
	Manifestación doutros comportamentos normais	Pastoreo
	Manexo adecuado	Distancia de fuxida
	Estado emocional positivo	Avaliación do comportamento cualitativo



O pastoreo é positivo para que a vaca poida desenvolver o comportamento natural da súa especie e para que sufra menos estrés se se realiza adecuadamente

Así mesmo, e unha vez realizadas as medicións no animal, procedeuse ao recoñecemento de cada bebedoiro que había no establo, valorando a limpeza e o funcionamento.

Ademais, realizóuselle unha pequena enquisa directa ao gandeiro ou responsable da explotación mediante un cuestionario, para obter a seguinte información detallada:

- Media anual do número de animais.
- Pastoreo: se é positivo ou negativo e se se realiza no pasto ou nunha área recreativa exterior.
- Corte de colas: contabilízase que nunha granxa se leva a cabo cando existe polo menos, un 15 % dos animais aos que se lles realiza.
- Descornado ou desmochado: contabilízase que nunha granxa se realiza cando existe polo menos un 15 % dos animais. Anotouse o método de realización: por tratamento químico (normalmente pasta cáustica) ou térmico (con pistola de termo-cauterización), se se realiza coa aplicación de anestésicos ou analxésicos e a que idade.
- Número de animais con distocia no último ano.
- Número de vacas tiradas no último ano.
- Porcentaxe de mortalidade no último ano.

Posteriormente, a análise dos datos levouse a cabo na Facultade de Veterinaria de Lugo. Para iso obtívoase unha puntuación de benestar animal en cada granxa e comparáronse cos datos produtivos (a 305 días en lactación) e reprodutivos (intervalo parto-inseminación fecundante) facilitados por Africor Lugo.

PRINCIPAIS RESULTADOS OBTIDOS

Os resultados obtidos en canto a benestar animal por Welfare Quality® e as súas correspondentes medias pódense consultar na táboa 2. Como se pode observar, só se poden cualificar as granxas estudadas como “acceptables” en termos de benestar, o que deixa unha ampla marxe de mellora, sobre todo no que se relaciona co manexo dos animais e o seu comportamento.

▶ O ACCESO LIBRE Á COMIDA PARA AS VACAS É REALMENTE IMPORTANTE PARA A SÚA PRODUCCIÓN LÁCTEA

Táboa 2. Media obtida en cada un dos principios e criterios das 31 explotacións de vacún leiteiro estudadas

Principio de benestar ^a	Media	Criterio de benestar ^a	
Boa alimentación	47,8	Ausencia de fame prolongada	44,7
		Ausencia de sede prolongada	72,7
Ambiente adecuado	65,0	Confort no descanso	44,4
		Facilidade de movementos	100
Boa saúde	34,3	Ausencia de lesións	52,4
		Ausencia de enfermidade	52,2
		Ausencia de dor producida polo manexo	24,5
Comportamento adecuado	11,1	Expresión de comportamento social	0,7
		Expresión doutros comportamentos	6,5
		Boa relación humano-animal	38,5
		Estado emocional positivo	23,8

^aOs principios e criterios de benestar están expresados en valores de 0 a 100, onde 0 corresponde á peor situación, 50 a unha aceptable e 100 á mellor situación

A comparación da produción láctea e os valores de benestar indicáronnos que a media da produción a 305 días de lactación estaba relacionada co criterio de benestar definido polo Welfare Quality® como “ausencia de fame prolongada”. Isto significa que cada punto que aumen-

ta a puntuación neste criterio medra 22,33 kg a produción.

Ao avaliar o principio de boa alimentación, observouse que cada punto de mellora para o principio melloraría nun aumento de 26,49 kg na media a 305 días de produción láctea. O Protocolo Welfare

Quality® aplicado neste estudo valora a boa alimentación por medio de medir a condición corporal e a relación entre a condición corporal e a produción de leite xa foi comprobada en diversos estudos. O acceso libre á comida para as vacas é realmente importante para a súa produción láctea.

Para os indicadores de valores reprodutivos tamén se viu afectado o intervalo parto-inseminación fecundante en relación aos resultados de benestar; así, cada 10 unidades de aumento para os criterios de “ausencia de dor por manexo”, “expresión de comportamento social” e “ausencia de lesións”, faría decrecer o intervalo parto-inseminación fecundante, en 1,77 e 0,80 e 0,29 días, respectivamente. Ademais, comprobouse que tamén se ve afectado polos principios de “comportamento adecuado” e “boa saúde”, de tal modo que descendía o intervalo parto-inseminación fecundante 0,53 días para un comportamento apropiado e 1,08 días para unha boa saúde. ▶▶



► O DESCORNADO DEBE LEVARSE A CABO UNIFORME EN TODA A EXPLOTACIÓN

Os procedementos dolorosos de manexo que se dan en gando vacún pódense resumir en dous, descornado ou desmochado e corte de colas. Este último está prohibido en Galicia e en ningunha das explotacións estudadas se levaba a cabo; con todo, o descornado/desmochado si que é un procedemento común e en xeral realízase sen anestesia nin analxesia. É certo que a relación directa observada entre desmochado con dor e o incremento do intervalo parto-inseminación fecundante é completamente inesperada e podería estar xustificada por outras relacións indirectas que habería que determinar en futuras investigacións.

É lóxico que o criterio “ausencia de lesións” estea relacionado cos valores reprodutivos, posto que este criterio inclúe as coxeiras. Os animais que padecen dor ou coxeiras non mostrarán tan ben os celos coma o resto e, por tanto, non se inseminarán no tempo adecuado.

No referente ao comportamento, é certo que as explotacións en Galicia tradicionalmente enfocaron as súas instalacións a maiores niveis pro-



Exemplo de mal manexo de descornado

ductivos (como cubículos ou corredores de alimentación), sen avaliar un deseño adecuado á expresión de comportamentos da especie bovina. Neste estudo púidose comprobar que promover as interaccións entre os animais favorecerá á súa reprodución. Así, por exemplo, nas ganderías de estabulación libre non se adoita realizar pastoreo, cando está comprobado que as pelexas ou comportamentos agonísticos se dan máis frecuentemente cando non se pastorea. Nas granxas que se analizaron neste estudo só catro realizaban pastoreo, cando este sería moi positivo para o comportamento dos animais e, por tanto, para a súa favorable reprodución.

Estes resultados teñen especial importancia para o punto de vista do produtor no benestar animal, pois queda comprobado que mellores niveis de benestar animal axudarán a manter explotacións máis produtivas.

CONCLUSIÓN

Os resultados aquí expostos indican que hai moitos campos nos que se pode mellorar o benestar animal en Galicia, especialmente no relacionado co comportamento, a saúde e o descornado; sería importante reforzar os plans sanitarios e incluír anestesia e analxesia no protocolo de descornado.

Como se comprobou, non hai ningún valor de benestar animal medido neste estudo que non favoreza os valores produtivos e reprodutivos. Unhas poucas melloras para manter un alto grao de benestar nas explotacións de vacún leiteiro favorecerá un alto e eficiente nivel produtivo, posto que reducirá a incidencia de lesións e enfermidades. Á parte diso, terá un valor engadido de cara ao consumidor e para competir nun mercado global, manténdose fronte a importacións de países con peores estándares de benestar. ■

BIBLIOGRAFÍA

Os lectores poden contactar coa primeira autora do artigo a través do seu *e-mail*:
ana.bugueiro.domingo@usc.es